




Sobre avaliación da lectura

Pódese:

- **Avaliar o uso de textos escritos** (distinto soporte):
 - Hábitos de lectura e de uso dos recursos culturais
 - Capacidade para manexar fontes escritas diversas
- **Avaliar o proceso lector:**
 - Percepción do texto (decodificación, velocidade lectora...)
 - Grao de comprensión do texto (capacidade para facer predicións, inferencias, resumir, atopar idea principal...)
 - Habilidades para controlar o propio proceso de comprensión





Instrumentos



- **Observación e rexistro de datos** (profesorado e alumnado: autoavaliación).
Diarios de lectura
- **Cuestionarios e entrevistas:** útiles para avaliar aspectos xerais, hábitos, actitudes; para valorar coñecementos previos, para valorar o nivel de comprensión despois da lectura...
- **Análise do traballo na aula** en base a unha actividade concreta.
- **Probas:** resumes, explicacións orais, cuestionarios sobre aspectos concretos, probas estándar de eficacia lectora...



Algunhas outras fórmulas para coñecer o alcance das lecturas realizadas



- o **Conversas** informais sobre os libros lidos (con guía implícita por parte do profesor/mediador)
- o **Blogs e sitios web**: comentarios aos libros e ás actividades de dinamización de lectura
- o **Diarios de lectura** (exemplo: diario [Ler o mundo](#))
- o **Implicación** nas actividades
- o **Participación** en clubs de lectura e outros
- o **Participación** en obradoiros ou concursos promovidos pola biblioteca
 - [Lector do mes \(IES Alexandre Bóveda, Vigo\)](#)